

*Vigo, Helena de Carlos*

**Román Raña**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

RAÑA, ROMÁN (2011 [2007]). “*Vigo, Helena de Carlos*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2007, 189-191. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/887>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

RAÑA, ROMÁN (2007). “*Vigo, Helena de Carlos*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2007, 189-191.

\* Edición dispoñíbel desde o 3 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Vigo

Helena de Carlos

Vigo: Galaxia, 2007

ROMÁN RAÑA

**H**elena de Carlos, en *Vigo*, visita os territorios da melancolía. Faino da man do consolo da filosofía e da amizade estimulante cos clásicos. Mais non só iso, tamén emite un berro melancólico, un ouveo terríbel e conmovedor ante a desaparición dos máis queridos. Así podería resumir o contido deste intenso poemario, atizado de refinamento e de aparente simplicidade. Mais todo é máis complexo e, aínda que no esencial sexa como acabo de dicir, o volume alberga máis segredos, máis lugares incomúns, máis recantos ca os primeiramente percibidos.

En efecto, despois dun primeiro poema que retrata o mar de Vigo, o cal, coa súa forza de preamar e baixamar, se identifica coa sístole e a diástole do corazón da poeta, co ritmo binario da destrución das cousas (vida e morte combatendo dentro de todo o creado, luz e tebra sacudindo as entrañas), vén a segunda composición, a que xa nos vai revelando aquilo que abala no interior da escritora:

*As cousas han ser  
no pasado, porque ti non vas volver,  
porque non farás pegadas xa, non podes.*

A morte amputa os amados familiares, arrinca a felicidade que connosco crearon. De aí mana unha dor que non ten consolación, só pálidos, moi pálidos lenitivos.

O seguinte poema trasládanos á infancia, á relación das nenas coas nais. A nostalgia, agora, convoca os obxectos que definen a nenez, os xogos no patio da escola, os contos infantís cargados de terror e, finalmente, a ansia por ser maiores, por se emancipar dos pais e seguir a frauta do Hamelin da vida, a sedutora fuxida do seo da familia.

A peza ulterior intérnase, de novo, na memoria emocionada. Establécese un diálogo co ausente: “Soño eu por ti”; un diálogo suspendido por fios racionais, entre a terra e o ceo, entre o raciocinio fantasmal da morte e a violencia irracional da vida. Os que vivimos, soñamos; os mortos entran nos soños, mais tamén na vida, forman parte da vida a través da nosa recordación. Non son, pois, legado, mais son connosco vida, vida que se acaba entregando á fortuna das ondas:

*Quen puidera como el facer prender  
palabras nas dunas*

*e no outono obter colleita, logo botala  
e legarlla en herdanza ao mar.*

O seguinte poema resulta ser unha entrañábel reflexión sobre a pasaxe do tempo, que acaba afectando mesmo o núcleo duro do amor. Aquel a quen se amou intensamente tamén pode acabar sendo unha débil pegada sobre a area, un ancián que alimenta pombas grises nun parque da cidade. Esta aceda meditación sobre o poder da lembranza, que se mitiga e pode terminar non doendo, transfírese á composición que segue. Nesta ocasión é a casa a que, co seu silencio doméstico, acentúa a desolación, a impresenza, o oco deixado polos que amamos:

*Xa non saloucan as cousas,  
o antigo berro e canso que ninguén  
creu nunca dar por morto  
non se nos vén ás mans desde a despensa escura.  
Nin escintila o arroz.*

Na composición seguinte volve a infancia, o reino dos pupitres, a disciplina escolar que se opón á inmensa felicidade do verán, do *dolce far niente*, do máis gozoso lecer. Ese contraste, vivo, introspectivo, acaba por ferir a alma da artista:

*pola súa conta a vida bailaba aquela danza  
á que nunca estivemos convidados.*

A peza posterior incide novamente no escenario, elíptico ou diáfano, que vai empapando todo o volume, inoculándose nas arterias dos versos: Vigo, o lugar de dobre face, aquel da máis intensa ventura e, ao mesmo tempo, espazo da aflicción. En última instancia, sempre, ámbito de todas as lembranzas. Por iso, despois de nos situar nesta ambientación, a autora traza o perfil da súa condición: muller que quere compartir o mundo, comunicar a vida:

*penso que é fermoso  
achegarse á barra porque a soidade é tan só  
un problema de horas.*

Se Vigo reunía en si a ambivalencia do dó e da alegría de vivir, o mesmo vai acontecer coa seguinte peza. Partindo de Elliot, que falou da crueldade de abril, e de Cunqueiro, que lle deu a volta ao mes da

primavera triunfante, Helena de Carlos agudiza o carácter negativo deste mes falándonos da incursión de homes perversos que destrúen as cousas, dun tren que rompe tamén as vidas das persoas e, finalmente, dun túnel, da boca dun túnel que só pode levar ao esquecemento. Contra este esquecer eríxese o poema ulterior, que nos conduce a Italia, a un fragmento concreto da memoria, ao estremecemento do verán nas árbores, ao canto inesperado de alguén que nos conmove.

O sufrimento retoma a peza que segue. O nome de quen morreu é unha especie de silencio que se di. O mar é o seu contrario, está cheo de barcos que o traspasan. O que deixamos, despois de vivir, é un conxunto de escumas que se perden na superficie das augas (como non lembrar Manuel Antonio e o seu tremendo pesimismo?):

*Os veleiros levan letras  
do teu nome: vibra o teu nome  
antes de ser ronsel ou eco azul,  
treme como un lenzo de seda,  
rompe a mañá como unha bomba  
de luz.*

O nome amado do amado cégase de luz polos adentros, segue vivo na luz dos que o lembramos.

Convén aclarar unha cousa. A percepción desta luz só pode alcanzarse a través do corazón, da sensibilidade para captar que se move o silencio, que as pequenas cousas reviven e camiñan, que o universo forma parte dos nosos propios poros. Algo disto hai no poema seguinte, que fala das alturas e que comeza cunha moi fermosa sinestesia:

*Era a noite antiga, como a dos quince anos.  
A humidade das praias, un eco malva  
no recordo.*

Fronte a este escenario de espazos abertos, de vivencia da natureza circundante, a peza ulterior retorna ao ámbito doméstico. Tamén é unha exaltación do que supuña a cidade olívica para autora: “En Vigo había un arrecendo a que todo podía ser”.

O poema seguinte fala dos contos da nenez e trata, con claridade, da rebeldía da autora fronte ao papel secundario da muller na sociedade, da insurrección contra o rol submisivo e ancilar que as propias mulleres van trazando perpetuamente.

Xa dixemos que este libro está poboado de tristura e de melancolía. A peza posterior tamén afonda neste sentimento provocado, non o esquezamos, pola desaparición daqueles que amamos. Non hai explicación para iso nin para o baleiro que nos deixan:

*nin de por que*

*algúns vivimos na compañía  
cada vez máis teimuda do invisible.*

A seguinte peza mergúllase na infancia. Un período máxico, onde as cousas son outras, e conviven os naiques de don Heraclio Fournier e as cuncas de colacao, ben quentes.

No texto posterior aparece o mito de Ifixenia mesturada co presente, cos restos do presente:

*Para os que saben  
o sangue nunca cala, e a brétema  
ten ansias de corpo fumegante, como o chío  
das aves.*

Onde comprobamos que os mitos tamén morren, que os antigos, brutais, terribes sacrificios xa non teñen sentido.

O seguinte poema entenrécenos. Fala dos homes vellos, dos que proliferan pola paisaxe sentimental do país, especialmente das terras pisadas pola autora, onde deixou fragmentos da súa vida:

*Que todos son lugares que ben quixen  
e nos que sementei recordos.*

Vellos que esperan o deceso e o recoñecemento mentres a poeta quere ser a Antígona que os guíe na cegueira dos anos.

A peza posterior é unha fantasía mitolóxica; de lectura críptica, mais moi interesante. Fronte a isto, o texto ulterior é magnificamente explícito, conmovedor. Comeza cunha exaltada descrición de Vigo até que, nos versos últimos, o corazón acaba confesando:

*En Vigo ameí un home  
mentres perdía as casas todas.*

A perda das casas fainos mudar a alma. Perdemos inmensos microcosmos que deixan no corazón buracos negros. Igualmente perturbador resulta o texto seguinte. Agora a autora fala dos mortos da familia, daqueles que, ao marcharen, deixaron dentro da casa os seus obxectos: as lentes, os caramelos, a roupa nos armarios. Parece que aínda están connosco, que connosco viven invisiblemente. O final arrepía: non só estamos unidos a eles, aos defuntos, pola vida, tamén estamos unidos a eles pola morte, que nos vai atando silenciosamente a todos. Algo similar ao que achamos na composición ulterior, cando se afirma:

*e eles non veñen, nin turban máis  
as almofadas as cabezas de alabastro*

Iso mesmo acontece co seguinte, verdadeiramente estremecedor. Agora a filla pon o xersei da nai e xa se

converte nela, como o verán que queima. Entón lemos:

*Estou viva: podo estragar  
minutos que me nacen  
como libeliñas tenras ao sol de xuño,  
teño sopros de vida a feixes.*

Instante de revelación, instante de resurrección. A poeta transfigúrase no momento da éxtase, nesa porción de tempo en que se sente outra e a vida ao seu redor a vivifica e a reafirma. Os mortos nunca morren mentres a nosa existencia os resucita.

Moi fermosa e breve é a composición seguinte: enumeración de topónimos amigos, de lugares da emoción vivida que acaban na casa da poeta. Fronte a esta vehemente efusión, a peza ulterior instaura a consternación e, creo, resume cabalmente o fondo sentimental de boa parte do poemario:

*Xa fuches, si, pero non só a linguaxe é quen  
de esconxurar a morte, tamén as rúas,  
tamén esta cidade que aínda con todo  
vou paseniño desamando, que está inzada  
de ti, mais non te trae  
de volta.*

As persoas que amamos viven na memoria, viven en cada célula do noso corpo, no código xenético dos nosos actos e dos nosos soños, mais tamén no asfal-

to que pisamos, no cheiro do salitre que anega os pulmóns, na urbe toda que acaba sendo, por que non?, palco da desdita, átomo da paixón. Tamén esta mensaxe está presente na penúltima peza do poemario, onde albiscamos a presenza do pai e da nai:

*sodes agora os dous máis materia, e pura*

A aérea fonética dos nomes, por medio da lembranza e da emoción filiais, transmútase en sólida presenza, en compañía real dos máis queridos.

O derradeiro poema insire no texto poético os mitos, tan caros á autora, mesturándoos co noso presente contemporáneo:

*Andrómaca tende a roupa no tendal do castro,  
entre o nordés e a lixivia.*

A alma da poeta vacila. A súa linguaxe, coma ela, asume a condición do desamparo e eterniza o seu asombro: asombro pola vida que se vai e pola vida que fica nos que fican. Estraña lucidez que rebenta a existencia dos que aman aquilo que perderon. E todo isto dito cunha sintaxe de altos quilates, cunha belísima dicción e pulcritude. *Vigo*, de Helena de Carlos, traspasa esa fronteira e contén a ávida sensibilidade do que perdura, dos que moldean, con querenza e con paciencia, a límpida e profunda devoción polos proxenitores ■